

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 16 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:**

**2.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE "JOAN MANUEL SERRAT" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022". EXPTE. 9231/335.**

Visto o informe de fiscalización do 16/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de JOAN MANUEL SERRAT (PCAP).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo da actuación artística, rider e cátering de JOAN MANUEL SERRAT o día 10 de Xullo de 2022 no auditorio de Castrelos e dentro do programa "Vigo en Festas 2022".*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 21 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 31 de maio de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 122.210,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 101.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*



Copia do documento - Concello de Vigo  
9231-335

Data impresión: 16/06/2022 18:39 Páxina 1 de 4  
CSV: ACA3A3-894C82-BD3228-GNB5MR-U5GU9K-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**Segundo.-** O 10 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data 14 de xuño de 2022 do CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 15 de xuño de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e solicitouse a súa subsanación. Unha vez subsanada, segundo consta na acta da sesión de apertura do sobre B, da mesma data, *"Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L."* A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA". Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 18:39	Páxina 2 de 4
9231-335	CSV: ACA3A3-894C82-BD3228-GNB5MR-U5GU9K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 15 de xuño de 2022 de apertura do sobre B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de JOAN MANUEL SERRAT (9231-335) por un prezo total de 122.210 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 21.210 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao de publicación de este anuncio.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o "Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia" no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación de este anuncio.

A presentación do escrito de interposición poderá efectuarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas así mesmo poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación (Rexistro Xeral do Concello de Vigo) ou no rexistro do "Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".

O enderezo web do "Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia" para a presentación do recurso é:

<https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 18:39	Páxina 3 de 4
9231-335	CSV: ACA3A3-894C82-BD3228-GNB5MR-U5GU9K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

De non presentar recurso especial en materia de contratación, a partir do día 8 de xullo de 2022 remitiráselle o contrato ao adxudicatario para a súa sinatura dixital.

Os informes e documentación que motivan esta adxudicación poden consultalos no seguinte enderezo web:

[https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle\\_licitacion&idEvl=SPNTk1%2BtNICiEJrVRqloyA%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=SPNTk1%2BtNICiEJrVRqloyA%3D%3D)

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

A Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 15.09.2021).- Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 18:39	Páxina 4 de 4
9231-335	CSV: ACA3A3-894C82-BD3228-GNB5MR-U5GU9K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		